

Nomes galegos para as libélulas (orde Odonata) da Península Ibérica

Cosme D. Romay, Adolfo Cordero-Rivera, Anxos Romeo, Martiño Cabana, Darío X. Cabana, Miguel Á. Fernández-Martínez

Romay, C. D., Cordero-Rivera, A., Romeo, A., Cabana, M., Cabana, D. X. & Fernández-Martínez, M. Á. 2011. Nomes galegos para as libélulas (orde Odonata) da Península Ibérica. *Chioglossa*, 3: 21-36.

Elabórase unha lista de nomes galegos das 77 especies de odonatos citadas da Península Ibérica, con base a denominacións tradicionais de libélulas (suborde Anisoptera) e cabaliños (suborde Zygoptera) e modificadores propostos polos autores.

Palabras clave: lingua galega, libélulas, Odonata, Península Ibérica.

INTRODUCCIÓN

Neste traballo propónse unha lista patrón de nomes galegos para os odonatos ibéricos, coa intención de servir de referente para a realización de artigos, paneis divulgativos, libros e para actividades de educación ambiental en lingua galega. Como apunta Bernis (1994), as listas patróns son construcións mentais útiles e convenientes. Unha vez que o campo da odonatoloxía carece de listas sistemáticas de nomes de libélulas e cabaliños en lingua galega, o presente traballo tenta ofrecer unha lista fiable, coherente e harmónica coas listas doutros idiomas europeos, ao igual que acontece coa lista de nomes galegos de aves (Conde, 1999).

ÁREA DE ESTUDO E MÉTODOS

A área abarcada é o territorio da Península Ibérica, considerando todas as especies citadas nesta (Dijkstra & Lewington, 2006; Torralba-Burrial & Ocharan, 2007) coa adición de *Trithemis kirbyi*, descuberta recentemente no sur peninsular (Cano-Villegas & Conesa-García, 2009).

Para a selección dos nomes xenéricos (de-

nominados xeneroides; Bernis, 1994) das diferentes especies consultáronse os nomes tradicionais galegos de libélulas e cabaliños empregados en dicionarios galegos (Pena, 2006; Santamarina, 2010a, 2010b) e algunhas obras naturalistas (Lorenzo, 2008; Fernández-Martínez & Gil, 2010). A calidade dunha eventual lista patrón dependerá da selección da mostra vernacular dispoñible nunha lingua determinada (Bernis, 1994).

No referente aos nomes específicos (especificantes; Bernis, 1994), estudáronse as propostas existentes en lingua galega para algunhas especies (Lorenzo, 2008; Fernández-Martínez & Gil, 2010). Para as demais especies sen denominación previa en galego (a inmensa maioría), elaborouse unha proposta de especificantes baseada na revisión da etimoloxía do nome científico (D'Antonio & Vegliante, 2002; Fliedner, 2006) e dos nomes oficiais en francés (Grand & Boudot, 2006; IUCN, 2010; Ruchet, 2011) e inglés (Dijkstra & Lewington, 2006; Muddeman *et al.*, 2009). Ademais, e só como referencia, consultáronse os nomes (non oficiais) dispoñibles en castelán (Prunier, 2007; Merino, 2011; Wikipedia, 2011), as denominacións dos xéneros en italiano (Festi & Siesa,

2010) e un total de quince nomes xenéricos para os odonatos en portugués (Liba-Mucznik, 2011; Priberam, 2011; Wikipedia, 2011). Para estas linguas non existen listas “oficiais” de nomes de odonatos.

Para a lista galega propóñense, en xeral, denominacións binomiais, excepto cando resulten formas pouco usuais ou demasiado forzadas en relación aos usos correntes. Dáse preferencia a nomes simples, claros e concisos (Conde, 1999).

Para a escolla de cada xeneroide, seguíronse estes criterios:

Criterio 1: ter tradición oral ou escrita en galego, agás se posúe unha connotación negativa.

Criterio 2: ser descritivo da forma, cor e/ou comportamento da especie.

Criterio 3: ser similar ao nome latino.

Criterio 4: estar acorde con outras denominacións noutras linguas (sobre todo coas listas oficiais en francés e inglés).

Para a selección do especificante, ante a ausencia total de “apelidos” tradicionais, seguíronse estes criterios:

Criterio 1: ser descritivo do aspecto e/ou comportamento da especie.

Criterio 2: ter un significado similar á palabra grega ou latina que forma o seu epíteto específico, agás se ten unha connotación negativa.

Criterio 3: estar acorde con outras denominacións noutras linguas (especificantes en francés e inglés).

Criterio 4: non empregar os calificativos *común* ou *vulgar* para a especie, polo seu carácter confuso de ser empregado en áreas con presenza escasa ou ausencia da mesma epolo carácter dinámico da distribución e abundancia das especies.

Téntase conseguir unha sinerxia de criterios nos nomes (isto é, que cumpran o maior número posible de criterios, tanto cos xeneroïdes como cos especificantes).

Proposta de nomes

Detállase a lista das setenta e sete especies

de odonatos ibéricos cos respectivos nomes galegos propostos polos autores na táboa 1. Nesta engádese unha mención ás provincias con presenza de cada especie (Cordero, 1996; Cordero & Fernández Martínez, 2003; Azpilicueta *et al.*, 2007; Cabana *et al.*, 2011; Martínez *et al.*, 2011; datos propios).

A continuación xustifícase a escolla de cada nome, tanto para as especies como para niveis taxonómicos superiores:

Odonatos. Orde Odonata. Dúas subordes, nove familias, trinta e tres xéneros e setenta e sete especies rexistradas ata agora na Península Ibérica. Etimoloxía, grego *οδον* = dente + *γάθος* = mandíbula; polo aspecto das súas mandíbulas. *Francés:* libellules. *Inglés:* Dragonflies.

Cabaliños. Suborde Zygoptera. Catro familias, dez xéneros e vinte e sete especies rexistradas na Península Ibérica. A voz Zygoptera ven do grego *ζυγος, οι* = vínculo, parella + *περα, υγος* = á; probablemente por pousar coas ás pegadas. Emprégase *cabaliño* como denominación xeral desta suborde, desaconsellando o uso de *cabaliño do demo* ou *do diablo*, por ter connotación negativa. *Francés:* demoiselles, agrions. *Inglés:* Damsellies.

Gaiteiros. Familia Calopterygidae e xénero *Calopteryx*. Tres especies rexistradas na Península Ibérica. A voz *Calopteryx* ven do grego *καλος, α, ον* = belo + *περιξ, υγος* = á, isto é, das belas ás. O xeneroïde *gaiteiro* pode provir da forma do corpo, alongada como o punteiro dunha gaita, pola forma das ás, como o fol dunha gaita, ou pola combinación de ambas. *Francés:* caloptéryx. *Inglés:* Demoiselles.

Gaiteiro vermello *Calopteryx haemorrhoidalis* (Vander Linden, 1825). Etimoloxía: grego *αιμα, τος* = sangue + *ρεο* = fluír. Propónse o especificante *vermello*, pola cor avermellada (maxenta) da cara ventral dos tres derradeiros segmentos abdominais do macho. Lorenzo (2008) empregou *gaiteiro aliroxo*. *Francés:*

caloptéryx hémmoídal. *Inglés*: Copper Demoiselle, Mediterranean Demoiselle.

Gaiteiro azul *Calopteryx virgo* (Linnaeus, 1758). Etimoloxía: latín *virgo*, *virginis* = nena. Escóllese o especificante *azul* por ser máis descritivo da especie e por ter xa un precedente de uso (Fernández-Martínez & Gil, 2010). A voz *gaiteiro aliazul* aparece en Lorenzo (2008). *Francés*: caloptéryx vierge. *Inglés*: Beautiful Demoiselle.

Gaiteiro bicolor *Calopteryx xanthostoma* (Charpentier, 1825). Etimoloxía: grego *ξανθοσ*, *η*, *οι* = amarelo + *στομα*, *τοσ* = boca. Escóllese *bicolor* como especificante, por ser descritivo do aspecto xeral do macho. *Francés*: caloptéryx ouest-méditerranéen, caloptéryx occitan. *Inglés*: Western Demoiselle, Yellow-tailed Demoiselle.

Gaiteiriños. Familia Lestidae e xéneros *Lestes* e *Sympecma*. Sete especies rexistradas na Península Ibérica. Etimoloxía: a) *Lestes*: grego *λησθησ*, *ον* = bandido. O nome científico aludiría ao comportamento predador das especies deste xénero. b) *Sympecma*: grego *σνμ* = estreita + *πικνοσ* = á; descritivo da forma das ás. Unha vez que o aspecto de *Lestes* pode lembrar a un pequeno *Calopteryx* de cor verde, emprégase o xeneroide *gaiteiriño*, extensible a *Sympecma*. Lorenzo (2008) e Fernández-Martínez & Gil (2010) propuxeron *gaiteiro* para este xénero (empregando *gaiteiro verdilongo* e *gaiteiro forestal*, respectivamente, para *Lestes viridis*). Para non empregar os mesmos xeneroídes para diferentes familias proponse o xeneroide *gaiteiriño*. *Francés*: lestes. *Inglés*: Spreadwings, Emerald Damselflies.

Gaiteiriño bérber *Lestes barbarus* (Fabricius, 1798). Etimoloxía: latín *barbarus* = da Berbería, no norte de África, a localidade típica. O especificante é unha tradución do nome latino, considerando a súa etimoloxía. *Francés*: leste sauvage. *Inglés*: Migrant Spreadwing, Southern Emerald Damselfly.

Gaiteiriño dríade *Lestes dryas* Kirby, 1890. Etimoloxía: grego *Δρύας*, *ις* = carballo, se ben realmente fai referencia á ninfa das árbores (nome mitolóxico Dryas, Dryadis). O especificante sería unha tradución ao galego do nome latino. *Francés*: leste dryade. *Inglés*: Robust Spreadwing, Scarce Emerald Damselfly.

Gaiteiriño violáceo *Lestes macrostigma* (Eversmann, 1836). Etimoloxía: grego *μακροσ*, *α*, *ον* = grande + grego *στιγμα* = mancha. Óptase por usar o especificante *violáceo*, moi descritivo da cor xeral do abdome. *Francés*: leste à grands stigmas. *Inglés*: Dark Spreadwing, Dark Emerald Damselfly.

Gaiteiriño noivo *Lestes sponsa* (Hansemann, 1823). Etimoloxía: latín *sponsa*, *ae* = noiva, prometida. O especificante *noivo* é unha adaptación directa do nome científico, sendo ademais moi próximo á denominación francesa da especie. *Francés*: leste fiancé. *Inglés*: Common Spreadwing, Emerald Damselfly.

Gaiteiriño verdescendente *Lestes virens* (Charpentier, 1825). Etimoloxía: latín *virens*, *entis* = verdescendente. *Francés*: leste verdoyant. *Inglés*: Small Spreadwing, Small Emerald Damselfly.

Gaiteiriño verde *Lestes viridis* (Vander Linden, 1825). Etimoloxía: latín *viridis*, *e* = verde. Existe unha diferenza semántica entre *virens* e *viridis*, que xustifica as denominacións galegas destes dous gaiteiriños. *Francés*: leste vert. *Inglés*: Western Willow Spreadwing, Willow Emerald Damselfly.

Gaiteiriño de inverno *Sympecma fusca* (Vander Linden, 1820). Etimoloxía: latín *fuscus*, *a*, *um* = castaño, escuro. A voz galega derivada dunha tradución directa sería *gaiteiriño escuro*. Con todo, préstase a confusión con *Lestes macrostigma* (cf. nome inglés e aspecto xeral), polo que se prefire o especificante *de inverno*, que reflexa a fenoloxía da especie, xa que é o único odonato da Península Ibérica que pasa o inverno como adulto (Dijkstra & Lewington,

2006). *Francés*: leste brun, Brunette hivernale. *Inglés*: Winter Damsel, (Common) Winter Damselfly.

Donceliñas. Familia Coenagrionidae e xéneros *Ceriagrion*, *Coenagrion*, *Enallagma*, *Erythromma*, *Ischnura* e *Pyrrhosoma*. Catorce especies rexistradas na Península Ibérica. Etimoloxía: a) *Ceriagrion*: grego κηριων = candea, cirio + αγριος = silvestre; refírese á forma de alzar o abdome como se fose unha candea. b) *Coenagrion*: grego κοινος, η, ον = novo, recente (ou quizais común; Fliedner, 2006) + αγριος = silvestre; refírese realmente a un novo xénero separado do antigo xénero *Agrion*. c) *Enallagma*: grego εναλλαγμα, τος = confusión; pola súa semellanza con outros Coenagrionidae. d) *Erythromma*: grego ερυθρος, ον = vermello + ομμα, τος = ollo. e) *Ischnura*: grego ισχηος = grácil; estreito (Fliedner, 2006) + ουρα, ας = cola, rabo. f) *Pyrrhosoma*: grego πυρρος, α, ον = como o lume (vermello) + σωμα, τος = corpo. *Francés*: agrions. *Inglés*: Damsels, Damselflies, Bluets, Blue-eye, Red-eye.

Donceliña fina *Ceriagrion tenellum* (de Vil- lers, 1789). Etimoloxía: latín *tenellus*, *a*, *um* = delicado, fino. O especificante é unha tradución ao galego do nome latino. *Francés*: agrion délicat. *Inglés*: Small Red Damsel, Small Red Damselfly.

Donceliña mediterránea *Coenagrion caerule- scens* (Fonscolombe, 1838). Etimoloxía: latín *caeruleus*, *a*, *um* = azul, celeste, da cor do ceo. Escóllese como especificante o adxectivo *mediterráneo*, idéntico ao seu nome inglés. *Francés*: agrion bleuâtre, agrion bleuissant. *Inglés*: Mediterranean Bluet.

Donceliña lanceolada *Coenagrion hastula- tum* (Charpentier, 1825). Etimoloxía: latín *has- tula*, *ae* = pequena lanza. A palabra *lanceolada* viría a indicar a forma da mancha negra do segundo segmento abdominal (S2), en forma de punta de lanza (Dijkstra & Lewington, 2006).

Francés: agrion à fer de lance, agrion hasté. *Inglés*: Spearhead Bluet, Northern Damselfly.

Donceliña de Mercurio *Coenagrion mercu- riale* (Charpentier, 1840). Etimoloxía: latín *Mercurialis*, *e* = de Mercurio. Pola presenza no S2 dun deseño que lembra ao símbolo de Mercurio (D'Antonio & Vegliante, 2002; Dijkstra & Lewington, 2006) ou á letra cirílica zh (Ж). O especificante é idéntico ao empregado en francés e inglés. *Francés*: agrion de Mercure. *Inglés*: Mercury Bluet, Southern Damselfly.

Donceliña pequena *Coenagrion puella* (Lin- naeus, 1758). Etimoloxía: latín *puella*, *ae* = nena. Emprégase o especificante *pequena* tanto polo seu reducido tamaño como polo seu significado de nena ou rapaza, idéntico ao da súa etimoloxía. *Francés*: agrion jouvencelle. *Inglés*: Azure Bluet, Azure Damselfly.

Donceliña fermosa *Coenagrion pulchellum* (Vander Linden, 1825). Etimoloxía: latín *pul- chellus*, *a*, *um* = diminutivo de bonito, con graza. *Francés*: agrion joli. *Inglés*: Variable Bluet, Variable Damselfly.

Donceliña grácil *Coenagrion scitulum* (Ram- bur, 1842). Etimoloxía: *scitulus*, *a*, *um* = grácil, lindo. *Francés*: agrion mignon. *Inglés*: Dainty Bluet, Dainty Damselfly.

Donceliña de copa *Enallagma cyathigerum* (Charpentier, 1840). Etimoloxía: *cyathus*, *i* = copa + *gero*, *es* = portar, mostrar, levar. Li- teralmente, a *donceliña que porta a copa*. Su- xírese o presente nome de *donceliña de copa*, descritivo da marca negra do S2 (D'Antonio & Vegliante, 2002; Dijkstra & Lewington, 2006). *Francés*: agrion porte-coupe. *Inglés*: Common Bluet, Common Blue Damselfly.

Donceliña de Linden *Erythromma lindenii* (Selys, 1840). Etimoloxía: latín *lindenii* = *lin- deni*, xenitivo de Linden, na honra do natura- lista flamenco Pierre Leonard vander Linden (1797-1831). Se ben a forma *donceliña de van-*

der Linden sería máis correcta, propónse simplemente *donceliña de Linden* á semellanza do nome científico. *Francés*: agrion à longs cercoïdes, agrion de vander Linden. *Inglés*: Blue-eye, Goblet-marked Damselfly.

Donceliña de ollos vermellos *Erythromma viridulum* (Charpentier, 1840). Etimoloxía: latín *viridís*, *e* = verde, pola cor dominante do corpo. Prefírese o nome *donceliña de ollos vermellos*, por ser moi descritivo da especie. *Francés*: naïade au corps vert. *Inglés*: Small Red-eye, Small Red-eyed Damselfly.

Donceliña elegante *Ischnura elegans* (Vander Linden, 1820). Etimoloxía: latín *elegans*, *-antis* = elegante. *Francés*: ischnure élégante, agrion élégant. *Inglés*: Common Bluetail, Blue-tailed Damselfly

Donceliña de Graells *Ischnura graellsii* (Rambur, 1842). Etimoloxía: latín *graellsii* = *graellsi*, xenitivo de Graells, na honra do entomólogo español Mariano de la Paz Graells y de la Agüera (1809–1898). *Francés*: agrion de Graells. *Inglés*: Iberian Bluetail.

Donceliña anana *Ischnura pumilio* (Charpentier, 1825). Etimoloxía: latín *pumilio*, *onis* = anano. *Francés*: Agrion nain. *Inglés*: Small Bluetail, Scarce Blue-tailed Damselfly.

Donceliña vermella *Pyrrosoma nymphula* (Sulzer, 1776). Etimoloxía: latín *nympha*, *ae* = ninfa; noiva (Fliedner, 2006). Como diminutivo. O xénero fai referencia á cor vermella (como o lume) do corpo desta especie, escoléndose o especificante *vermella* para nomear a esta donceliña. Fliedner (2006) apunta que as noivas romanas (*nympha*) adoitaban vestir un veo especial durante a cerimonia nupcial chamado *flammeum* (vermello como unha chama ou lapa), que concorda coa cor da especie. *Francés*: petite nymphe au corps de feu. *Inglés*: Large Red Damsel, Large Red Damselfly.

Patexas. Familia Platycnemididae e xénero *Platycnemis*. Tres especies rexistradas na Península Ibérica. Etimoloxía: grego *πλατυς*, *εια*, *η* = amplo, ancho + *χνημις*, *ιδος* = tibia; isto é, das tibias anchas. O nome fai referencia ás patas destes pequenos Zygoptera, de forma característica (moi anchas, “plumosas”). *Francés*: agrions. *Inglés*: Damselflies.

Patexa rubia *Platycnemis acutipennis* Selys, 1841. Etimoloxía: latín *acutus*, *a*, *um* = afiado, agudo + *penna*, *ae* = á; isto é, de ás afiadas. Considérase característica non tanto a forma das ás, senón a cor alaranxada intensa dos machos e arrubiada das femias desta especie (de aí a xustificación do nome galego). *Francés*: agrion orangé. *Inglés*: Orange Featherleg, Orange White-legged Damselfly.

Patexa branca *Platycnemis latipes* Rambur, 1842. Etimoloxía: latín *latipes*, *-pedis* = dos pés anchos. Escóllese o especificante *branca*, en concordancia coas denominacións oficiais en francés e inglés para esta especie. *Francés*: agrion blanchâtre. *Inglés*: White Featherleg.

Patexa azul *Platycnemis pennipes* (Pallas, 1771). Etimoloxía: latín *pennipes*, *pedis* = que ten ás nos pés. Considérase característica dentro do xénero *Platycnemis* a cor azulada dos machos da especie, o que xustificaría o nome galego de *patexa azul*. *Francés*: agrion à larges pattes. *Inglés*: Blue Featherleg, White-legged Damselfly.

Libélulas. Suborde Anisoptera. Cinco familias, vinte e tres xéneros e cincuenta especies desta suborde rexistradas na Península Ibérica. Etimoloxía: grego *ανισος* = desigual + *περα*, *υγος* = á; de ás desiguais, referíndose aos pares anterior e posterior de ás. O nome galego para esta suborde é o de libélulas, ao igual que en francés. *Francés*: libellules. *Inglés*: Dragonflies.

Libeliñas e emperadores. Familia Aeshnidae e xéneros *Aeshna*, *Anax*, *Boyeria* e *Bra-*

chytron. Dez especies rexistradas na Península Ibérica. Etimoloxía: a) *Aeshna*: o descritor do xénero *Aeschna* (= *Aeshna*) foi Fabricius (ano 1775), quen non especificou a orixe do nome. Segundo D'Antonio & Vegliante (2002), a orixe puidera ser grega: α = carente + $\iota\sigma\chi\nu\acute{o}s, \eta, \omicron\nu$ = extenuado, significando quizais “inqueda”, referíndose ao seu incesante e infatigable voo. b) *Anax*: grego $\alpha\nu\acute{\alpha}\zeta, \alpha\nu\alpha\kappa\tau\omicron\varsigma$ = señor, soberano, rei; por ser o “señor” das áreas húmidas (D'Antonio & Vegliante, 2002). c) *Boyeria*: latín *Boyeria*, en honra do doutor E. L. J. H. Boyer de Fonscolombe (1772-1853), entomólogo da Provenza (Francia). d) *Brachytron*: grego $\beta\rho\alpha\chi\nu\sigma, \epsilon\tau\alpha, \nu$ = curto + $\tau\rho\omicron\nu$ = abdome; pola lonxitude do abdome, menor que en outros membros da familia Aeshnidae. *Francés*: aeshnes, anax. *Inglés*: Hawkers, Emperors.

Libeliña afín *Aeshna affinis* Vander Linden, 1820. Etimoloxía: latín *adfinis*, *e* = afín. O nome de *libeliña afín* ven describir a súa semellanza con *Aeshna mixta*, que fai difícil a súa identificación no campo (Dijkstra & Lewington, 2006; datos propios). *Francés*: aeshne affine. *Inglés*: Blue-eyed Hawker, Southern Migrant, Mediterranean Hawker.

Libeliña de cu azul *Aeshna cyanea* (Müller, 1764). Etimoloxía: latín *cyaneus*, *a, um* = azul escuro. O nome galego proposto considérase máis preciso que a tradución literal do nome científico (*libeliña azul*). *Francés*: aeshne bleue. *Inglés*: Blue Hawker, Southern Hawker.

Libeliña isósceles *Aeshna isoceles* (Müller, 1767). Etimoloxía: *isoceles*, erro ortográfico, por *isosceles*, grego $\iota\sigma\omicron\varsigma$ = igual + $\sigma\chi\epsilon\lambda\iota\omicron\varsigma$ = perna; polo triángulo isósceles amarelento no S2, característico. *Francés*: aeshne isocèle. *Inglés*: Green-eyed Hawker, Norfolk Hawker.

Libeliña brañega *Aeshna juncea* (Linnaeus, 1758). Etimoloxía: latín *juncus*, *i* = xunco. O especificante *brañega* é semellante a em-

pregado nun dos nomes ingleses da especie (Moorland Hawker), considerándose moi descritivo do hábitat da especie en Galicia (datos propios) e en Europa (Dijkstra & Lewington, 2006). *Francés*: aeshne des joncs. *Inglés*: Moorland Hawker, Common Hawker.

Libeliña de outono *Aeshna mixta* Latreille, 1805. Etimoloxía: latín *mixtus*, *a, um* = mesturado; por presentar caracteres propios de *Aeshna affinis* e *A. cyanea* (D'Antonio & Vegliante, 2002) ou ben por posuír un abdome con mestura de varias cores (Fliedner, 2006). Considérase algo confusa a tradución directa do latín (*libeliña mesturada* ou *libeliña mixta*), preferíndose a denominación de *libeliña de outono*, descritiva da súa fenoloxía (frecuente na Galicia occidental e val do Miño entre xullo e novembro; datos propios). *Francés*: aeshne mixte. *Inglés*: Migrant Hawker.

Emperador peregrino *Anax ephippiger* (Burmeister, 1839). Etimoloxía: *ephippium*, *ii* = albarda (manta que se pon debaixo da sela de montar) + *gero, ere* = portar, levar consigo; isto é, que leva consigo unha albarda, pola coloración distintivamente azul do S2, que fai pensar nunha sela de montar (D'Antonio & Vegliante, 2002). Con todo, o nome *emperador peregrino* considérase máis axeitado para esta especie, distribuída por zonas de climas extremos de África e suroeste de Asia, e que aparece “en peregrinacións” (influxos de vagantes) en Europa (Dijkstra & Lewington, 2006). *Francés*: anax porte-selle. *Inglés*: Vagrant Emperor.

Emperador grande *Anax imperator* Leach, 1815. Etimoloxía: latín *imperator*, *oris* = emperador. *Francés*: anax empereur. *Inglés*: Blue Emperor, Emperor Dragonfly.

Emperador pequeno *Anax parthenope* (Seelys, 1839). Etimoloxía: grego *Παρθενόπη*, latinizado *Parthenope*, *es* = antigo nome de Nápoles (Italia), preto do lago Averno, a localidade típica da especie. O nome galego su-

xírese por oposición a *emperador grande*, por semellar, efectivamente, unha versión máis reducida de *Anax imperator*. *Francés*: anax na-politain. *Inglés*: Lesser Emperor.

Libeliña do luscofusco *Boyeria irene* (Fons-colombe, 1838). Etimoloxía: grego *Ειρηνε*, *νσ* = Irene, divindade da paz. O especificante *do luscofusco* é descritivo do seu hábito de voar nas derradeiras horas do día. *Francés*: aesch-na paisible. *Inglés*: Western Spectre, Dusk Hawker, Crepuscular Hawker.

Libeliña peluda *Brachytron pratense* (Müller, 1764). Etimoloxía: latín *pratensis*, *e* = dos prados; polo hábitat de captura do exemplar tipo. Propónse o especificante *peluda*, moi descritivo do aspecto externo do tórax deste Aeshnidae e idéntico ás denominacións inglesas da especie. *Francés*: aeshna printanière. *Inglés*: Hairy Hawker, Hairy Dragonfly.

Candís. Familia Gomphidae e xéneros *Gomphus*, *Lindenia*, *Onychogomphus* e *Paragomphus*. Nove especies rexistradas na Península Ibérica. Etimoloxía: a) *Gomphus*: grego *γομφος* = cravo; pola forma afusada do abdome. b) *Lindenia*: xénero na honra do naturalista flamenco Pierre Leonard vander Linden (1797-1831). c) *Onychogomphus*: grego *ονυξ*, *ψχησις* = gancho + *γομφος* = cravo; o gancho refírese aos apéndices abdominais do macho. En galego a voz *candil* está recollida por Lorenzo (2008), e o plural *candileros* referido a libélula figura en Rivas (1978). *Francés*: gomphes, onychogomphes. *Inglés*: Clubtails, Club-tailed Dragonflies, Hooktails, Hook-tailed Dragonflies.

Candil de Graslin *Gomphus graslinii* Rambur, 1842. Etimoloxía: latín *graslini* = de Graslin, en honra do lepidopterólogo francés Adolphe de Graslin (1802-1882). *Francés*: gomphe de Graslin. *Inglés*: Pronged Clubtail.

Candil fermoso *Gomphus pulchellus* Selys, 1840. Etimoloxía: latín *pulchellus*, *a*, *um* = fermoso, con graza; polo aspecto xeral do

corpo. *Francés*: gomphe gentil, gomphe joli. *Inglés*: Western Clubtail, Western Club-tail, Club-tailed Dragonfly.

Candil similar *Gomphus simillimus* Selys, 1840. Etimoloxía: latín *similimus* = semellante (superlativo); por ser moi semellante ao conxénero *Gomphus pulchellus*. *Francés*: gomphe semblable. *Inglés*: Yellow Clubtail.

Candil de Linneo *Gomphus vulgatissimus* (Linnaeus, 1758). Etimoloxía: latín *vulgatus*, *a*, *um* = común, coñecido (superlativo); por ser moi común na localidade típica (en Suecia), onde Linneo describiu a especie. Unha tradución directa ao galego sería *candil vulgar*, pouco axeitado no contexto ibérico, polo que se propón *candil de Linneo* en honra ao seu descritor. *Francés*: gomphe vulgaire. *Inglés*: Common Clubtail.

Candil de catro follas *Lindenia tetraphylla* (Vander Linden, 1825). Etimoloxía: *τετρασ*, *ατος* = catro + *πιλλος*, *οι* = folla; pola presenza de catro expansións con forma de folla na parte terminal do abdome. *Francés*: lindenie à quatre feuilles. *Inglés*: Bladetail.

Candil de Costa *Onychogomphus costae* Selys, 1885. Etimoloxía: latín *costae*, xenitivo de Costa, en honra do entomólogo italiano Achille Costa (1823-1898). *Francés*: gomphe de Coste. *Inglés*: Faded Pincertail.

Candil tenazado *Onychogomphus forcipatus* (Linnaeus, 1758). Etimoloxía: latín *forceps*, *forcipis* = pinza, tenaces + *atus* = equipado con; pola forma dos apéndices abdominais do macho. O nome *candil tenazado* foi xa empregado por Lorenzo (2008). *Francés*: onychogomphe à pince. *Inglés*: Small Pincertail, Green-eyed Hook-tail(-ed Dragonfly).

Candil curvado *Onychogomphus uncatatus* (Charpentier, 1840). Etimoloxía: latín *uncatus*, *a*, *um* = curvado; polos apéndices netamente curvados no macho. *Francés*: gomphe

à crochets. *Inglés*: Large Pincertail, Blue-eyed Hook-tail(-ed Dragonfly).

Candil de Gené *Paragomphus genei* (Selys, 1841). Etimoloxía: latín *genei*, xenitivo de Gené, en honra do profesor Carlo Giuseppe Gené (1780–1847), herpetólogo e estudoso da fauna da Sardeña. *Francés*: gomphe de Gené. *Inglés*: Green Hooktail.

Tizóns. Familia Cordulegasteridae e xénero *Cordulegaster*. Dúas especies rexistradas na Península Ibérica. Etimoloxía: grego *χορδυλε*, *εσ* = clava, maza + *γαστερ* = ventre; isto é, ventre en forma de maza (pola forma xeral do corpo). A voz galega *tizón* (pao ou acha que se mantén ardendo por un lado, con chama ou sen ela, ou que está xa apagado e ennegrecido totalmente ou só por un extremo) sería axeitada para esta familia, con cores predominantemente negras. *Francés*: cordulégestres. *Inglés*: Goldenrings, Golden-ringed Dragonflies.

Tizón bidentado *Cordulegaster bidentata* Selys, 1843. Etimoloxía: latín *bis* = dúas veces + *dentatus*, *a, um* = dentado; que ten dous dentes, en concreto nos apéndices abdominais do macho. *Francés*: cordulégestre bidenté. *Inglés*: Sombre Goldenring, Two-toothed Golden-ring(-ed Dragonfly).

Tizón de Bolton *Cordulegaster boltonii* (Dobson, 1807). Etimoloxía: latín *boltoni*, xenitivo de Bolton, en honra do entomólogo e naturalista inglés Thomas Bolton (1722–1778), irmán do tamén naturalista James Bolton (1735–1799), quen capturou o exemplar da descrición orixinal no condado de Yorkshire (D’Antonio & Vegliante, 2002; Fliedner, 2006). *Francés*: cordulégestre annelé. *Inglés*: Common Goldenring, Golden-ringed Dragonfly.

Esmeraldas. Familia Corduliidae e xéneros *Macromia*, *Cordulia*, *Oxygastra* e *Somatochlora*. Catro especies rexistradas na Península Ibérica. Etimoloxía: a) *Macromia*: grego *μακροσ*,

α, ον = grande + *ωμια* = ombro, espádoa; isto é, das espádoas grandes, porque o seu estreito abdome “resalta” a anchura do tórax (D’Antonio & Vegliante, 2002). b) *Cordulia*: grego *χορδυλε*, *εσ* = clava, maza; pola forma xeral do corpo. c) *Oxygastra*: grego *οξύσ*, *οξεφα*, *οξύ* = agudo, apuntado + *γαστηρ*, *γαστροσ* = ventre; isto é, co vente (abdome) afiado. d) *Somatochlora*: grego *σομα*, *τοσ* = corpo + *χλωρίσ*, *α, ον* = verde; pola coloración dominante no corpo. O xeneroide *esmeralda* é descritivo do aspecto xeral das diferentes especies desta familia, ademais de coincidir coas denominacións inglesas. *Francés*: cordulies. *Inglés*: Cruisers, Emeralds.

Esmeralda espléndida *Macromia splendens* (Pictet, 1843). Etimoloxía: latín *splendens*, *-entis* = espléndida, brillante; pola coloración xeral do corpo. *Francés*: cordulie splendide. *Inglés*: Splendid Cruiser, Splendid Emerald.

Esmeralda bronceada *Cordulia aenea* (Linnaeus, 1758). Etimoloxía: latín *aeneus*, *a, um* = bronceado, broncíneo; pola coloración xeral do corpo. *Francés*: cordulie bronzée. *Inglés*: Downy Emerald.

Esmeralda de Curtis *Oxygastra curtisii* (Dale, 1834). Etimoloxía: latín *curtisii* = *curtisi*, xenitivo de Curtis, en honra do doutor John Curtis (1791–1862), amigo de Dale (descriptor da especie). *Francés*: cordulie à corps fin. *Inglés*: Orange-spotted Emerald.

Esmeralda metálica *Somatochlora metallica* (Vander Linden, 1825). Etimoloxía: latín *metallicus*, *a, um* = metálico; isto é, con reflexos metálicos. *Francés*: cordulie metallique. *Inglés*: Brilliant Emerald.

Libélulas e lavacús. Familia Libellulidae e xéneros *Brachythemis*, *Crocothemis*, *Diplacodes*, *Leucorrhinia*, *Libellula*, *Orthetrum*, *Selysiothemis*, *Sympetrum*, *Trithemis* e *Zygonyx*. Vinte e cinco especies rexistradas na Península Ibérica. Etimoloxía: a) *Brachythemis*: grego *βραχυ*,

ετα, υ = curto, breve; polo abdome curto + *Θέμις* = deusa da xustiza, comunmente representada cunha balanza (latín *libella*, diminutivo *libellula*) nunha man. b) *Crocothemis*: grego *χροχρος, ον* = amarelo como o azafrán (Fliedner, 2006); pola cor da mancha na base das ás + *Θέμις* = deusa da xustiza. c) *Diplacodes*: grego *δισ* = dúas veces + *πλαχοδησ, εσ* = laminado, plano; isto é, con dúas láminas; o nome derivaría da presenza de dous apéndices aplanados nos xenitais masculinos (D'Antonio & Vegliante, 2002); outra opción sería: grego *δπλαζ* = dúas veces pregado + *οδεσ* = semellante, que reflexaría a parte superior bilobulada do protórax, que semella a letra maiúscula B (Fliedner, 2006). d) *Leucorrhinia*: grego *λευχος, η, ον* = branco + *ρις, ρινος* = nariz; pola fronte branca, característica deste xénero. e) *Libellula*: latín *libella*, *ae* = balanza (diminutivo: *libellula*) ou ben de *libellulus*, *i* = pequeno libro. f) *Orthetrum*: grego *ορθος, η, ον* = recto, erecto + *ετροσ, ον* = abdome; isto é, do abdome lateralmente recto. g) *Selysiotthemis*: de *selys* + *io* = en honra do profesor Edmond de Selys-Longchamps (1813–1900), entomólogo e estadista belga + grego *Θέμις* = deusa da xustiza. h) *Sympetrum*: grego *σνμ* = estreito + *ετρον* = abdome; pola forma estreita do abdome, ou ben *σμπιεζειν* = apertar xuntos + *ετρον* = abdome (Fliedner, 2006). i) *Trithemis*: grego *τρι* = tres, terzo + *Θέμις* = deusa da xustiza. j) *Zygonyx*: grego *ζυγος, οι* = vínculo, parella + *ονιζ, ονιχος* = uña. O xeneroide *lavacú* asignase ás especies da familia Libellulidae de cor predominantemente vermella ou violeta (*Crocothemis*, *Sympetrum* e *Trithemis*). O xeneroide *libélula* resérvase para o resto de xéneros desta familia. *Francés*: libellule, leucorrhine, diplacodes, orthétrum, sympétrum. *Inglés*: Groundling, Scarlet, Chasers, Skimmers, Darters, Perchers, Dropwings.

Libélula riscada *Brachythemis impartita* (Karsch, 1890). Etimoloxía: latín *impartita, us* = sen dividir (Dijkstra & Matushkina, 2009). Proponse *libélula riscada* polas bandas trans-

versais das ás, e á semellanza do nome inglés. *Inglés*: Northern Banded Groundling (Dijkstra & Matushkina, 2009). Nota: nomeada ata 2009 como *B. leucosticta* (v. g. Dijkstra & Lewington, 2006) pero unha detallada revisión deste taxon confirma que a especie presente na Península Ibérica é *B. impartita* (Dijkstra & Matushkina, 2009). Para *B. leucosticta*: etimoloxía: grego *λευχος, η, ον* = branco + *στιζεν* = estigma; isto é, de pterostigma claro. *Francés*: libellule à stylets blancs. *Inglés*: (Southern) Banded Groundling (Dijkstra & Matushkina, 2009).

Lavacú escarlata *Crocothemis erythraea* (Brullé, 1832). Etimoloxía: latín *erithraeus, a, um* derivado do grego *ερυυρος, ον* = vermello; pola coloración dominante do corpo. Escóllese o especificante *escarlata*, por ser máis preciso do ton do corpo deste lavacú e en harmonía coas denominacións francesa e inglesa da especie. *Francés*: crocothémis écarlate. *Inglés*: Broad Scarlet, Scarlet Darter.

Libélula de Lefebvre *Diplacodes lefebvrei* (Rambur, 1842) Etimoloxía: latín *lefebvrei* = *lefebvrei*, xenitivo de Lefebvre, en honra do doutor Alexander Lefebvre (1797–1868), entomólogo francés. *Francés*: diplacodes de Lefebvre. *Inglés*: Black Percher.

Libélula de fronte branca *Leucorrhinia dubia* (Vander Linden, 1825). Etimoloxía: *dubius, a, um* = incerto, dubioso; pola complicada identificación fronte aos conxéneros *Leucorrhinia pectoralis* e *L. rubicunda*. O especificante galego *de fronte branca* é descritivo da especie (aínda que tamén do xénero) e é idéntico ao nome inglés da especie. *Francés*: leucorrhine douteuse. *Inglés*: Small Whiteface, White-faced Darter.

Libélula azuleira *Libellula depressa* Linnaeus, 1758. Etimoloxía: latín *depressus, a, um* = deprimido; pola forma aplanada do abdome. Evítase o especificante *deprimida*, de connotacións negativas, e proponse o de *azuleira*,

que describe a cor azulada dos machos desta especie. *Francés*: libellule déprimée. *Inglés*: Broad-bodied Chaser.

Libélula fouveira *Libellula fulva* Müller, 1764. Etimoloxía: latín *fulvus, a, um* = avermellado, rubio; pola coloración do macho inmaturo e do abdome da femia. O adxectivo *fouveira* designa os animais que teñen a pel de cor castaña clara, maiormente o cabalo (Pena, 2006), estimándose moi axeitado para a presente especie de libélula. *Francés*: libellule fauve. *Inglés*: Blue Chaser, Scarce Chaser.

Libélula maculada *Libellula quadrimaculata* Linnaeus, 1758. Etimoloxía: latín *quadri-* = catro veces + *maculo, as, avi, atum, are* = mancha; isto é, con catro manchas (nas ás). O nome galego é unha tradución case directa do nome científico. *Francés*: libellule à quatre taches. *Inglés*: Four-spotted Chaser.

Libélula mediterránea *Orthetrum brunneum* (Fonscolombe, 1837). Etimoloxía: latín tardío *brunneus, a, um* = de cor castaña; polo pterostigma de cor castaña e tamén polo ton predominante da femia. Elíxese o especificante *mediterránea*, por describir a área de distribución da especie. Unha tradución directa do nome científico (*libélula castaña*) xúlgase pouco descritiva deste *Orthetrum*. *Francés*: orthétrum brun. *Inglés*: Southern Skimmer.

Libélula de cu negro *Orthetrum cancellatum* (Linnaeus, 1758). Etimoloxía: forma verbal latina *cancellatum* = reticulado (polas manchas amarelas e castañas no abdome). Escóllese o modificador *de cu negro*, semellante ao nome inglés da especie, por ser moi descritivo do aspecto do abdome dos machos deste *Orthetrum*. *Francés*: orthétrum réticulé. *Inglés*: Black-tailed Skimmer.

Libélula esvelta *Orthetrum chrysostigma* (Burmeister, 1839). Etimoloxía: grego *χρυσος, ον* = ouro + *στιγμα, τος* = mancha, estigma; isto é, co pterostigma dourado. O nome gale-

go *libélula esvelta* prefirese á tradución directa do nome científico *libélula de pterostigma dourado*. *Inglés*: Epaulet Skimmer.

Libélula celeste *Orthetrum coerulescens* (Fabricius, 1798). Etimoloxía: latín *caeruleus, a, um* = azul celeste; pola coloración dominante do corpo. Proponse *libélula celeste*, moi descritiva da cor dos machos. *Francés*: orthétrum bleuissant, orthétrum de Rambur. *Inglés*: Keeled Skimmer.

Libélula dourada *Orthetrum nitidinerve* (Selys, 1841). Etimoloxía: latín *nitidus, i* = nítido + *nervus, i* = nervadura; isto é, coa nervadura das ás claras. Proponse *dourada* como especificante en galego da especie, moi descritivo da cor dos nervos ou veas das ás. *Francés*: orthétrum a nervures jaunes. *Inglés*: Yellow-veined Skimmer.

Libélula siciliana *Orthetrum trinacria* (Selys, 1841). Etimoloxía: latín *Trinacria, ae* = antigo nome de Sicilia. O especificante galego toma o xentilicio desta illa italiana. *Francés*: orthétrum de Sicilie. *Inglés*: Long Skimmer.

Libélula negra *Selysiothemis nigra* (Vander Linden, 1825). Etimoloxía: latín *niger, gra, grum* = negro, escuro; pola coloración dominante do corpo. *Inglés*: Black Pennant.

Lavacú azafrán *Sympetrum flaveolum* (Linnaeus, 1758). Etimoloxía: latín *flavus, a, um* = amarelo; pola extensión da mancha amarela nas ás. Suxírense *lavacú azafrán* polo matiz azafranado do amarelo das ás. *Francés*: sympétrum jaune d'or. *Inglés*: Yellow-winged Darter.

Lavacú de Fonscolombe *Sympetrum fonscolombii* (Selys, 1840). Etimoloxía: latín *fonscolombii* = *fonscolombei*, xentivo de Fonscolombe, en honra do doutor E. L. J. H. Boyer de Fonscolombe (1772-1853), entomólogo francés. *Francés*: sympétrum de Fonscolombe. *Inglés*: Red-veined Darter.

Lavacú meridional *Sympetrum meridionale* (Selys, 1841). Etimoloxía: *meridionalis*, *e* = meridional; por ser común no sur de Europa. *Francés*: sympétrum méridional. *Inglés*: Southern Darter.

Lavacú de franxas *Sympetrum pedemontanum* (Müller, 1766) Etimoloxía: latín *pedemontanum* = do Piemonte; dado que a localidade típica desta especie é Turín (Torino), capital do Piemonte (Italia). Con todo, considérase axeitado reflexar no nome das franxas escuras das súas ás, como acontece co nome inglés, e de aí o nome proposto de *lavacú de franxas*. *Francés*: sympétrum du Piémont. *Inglés*: Banded Darter.

Lavacú sanguíño *Sympetrum sanguineum* (Müller, 1764). Etimoloxía: *sanguineus*, *a, um* = da cor do sangue. O especificante galego *sanguíño* prefírese a *sanguento*. *Francés*: sympétrum rouge-sang, sympétrum sanguin. *Inglés*: Ruddy Darter.

Lavacú do deserto *Sympetrum sinaiticum* Dumont, 1977. Etimoloxía: latín *sinaiticum* = do Sinaí, península ao nordeste de Exipto. A súa distribución ligada a cursos e masas de auga de zonas áridas do oeste e sur do Mediterráneo (Dijkstra & Lewington, 2006) fai suxerente o especificante *do deserto*, idéntico ao nome inglés da especie. *Inglés*: Desert Darter.

Lavacú estriado *Sympetrum striolatum* (Charpentier, 1840). Etimoloxía: latín *striolatum*, diminutivo de *striatus*, *a, um* = estriado. *Francés*: sympétrum strié, sympétrum fascié. *Inglés*: Common Darter.

Lavacú vadío *Sympetrum vulgatum* (Linnaeus, 1758). Etimoloxía: latín *vulgatus*, *a, um* = común, coñecido; por ser común na localidade típica en Suecia (onde foi descrita por Linneo). Especie escasa na Península Ibérica, ten a particularidade de efectuar movementos erráticos de curta e media distancia

(Dijkstra & Lewington, 2006), de aí o especificante *vadío* (vagabundo), semellante a un dos nomes ingleses da especie. *Francés*: sympetrum vulgaire. *Inglés*: Moustached Darter, Vagrant Darter.

Lavacú violeta *Trithemis annulata* (Palliset de Beauvois, 1807). Etimoloxía: latín *an(n)ulatus*, *a, um* = anelado; polo estreito anel abdominal das femias e machos xoves. Escóllese o especificante *violeta*, por vulgarse axeitado para describir a cor dos machos maduros, e por coincidir cos nomes ingleses da especie. *Francés*: trithémis annelé. *Inglés*: Violet Dropwing, Violet-marked Darter.

Lavacú de Kirby *Trithemis kirbyi* Selys, 1891. Etimoloxía: latín *kirbyi* = xenitivo de Kirby, en honra de William Forsell Kirby (1844–1912), entomólogo e folclorista inglés. *Francés*: trithémis de Kirby. *Inglés*: Orange-winged Dropwing.

Libélula tórrida *Zygonyx torridus* (Kirby, 1889). Etimoloxía: latín *torridus*, *a, um* = tórrido, árido; polo seu descubrimento en Serra Leoa (África). O seu nome é unha tradución literal do nome científico. *Inglés*: Ringed Cas-cader.

AGRADECIMENTOS

A Sónia Ferreira e a Emilio Martínez Saba-rís, polos seus acertados comentarios.

ABSTRACT

Galician names for the dragonflies and damselflies of the Iberian Peninsula

A list of Galician names for the 77 species of dragonflies of the Iberian Peninsula is proposed. Traditional names of dragonflies (suborder Anisoptera) and damselflies (suborder Zygoptera) are used, with modifiers proposed by the authors.

Key words: galician language, dragonflies, damselflies, Odonata, Iberian Peninsula.

BIBLIOGRAFÍA

- Azpilicueta, M.; Rey, C.; Docampo, F.; Rey, X. L. & Cordero, A. 2007. A preliminary study of biodiversity hotspots for odonates in Galicia, NW Spain. *Odonatologica*, 36: 1-12.
- Bernis, F. 1994. Listas patronas de aves: su origen y estructura. *Ardeola*, 41: 67-77.
- Cabana, M.; Romeo, A. & Cordero, A. 2011. Primeiras citas de *Sympetrum flaveolum* (Odonata: Libellulidae) en Galicia. *Chioglossa*, 3: 15-19.
- Cano-Villegas, F. J. & Conesa-García, M. A. 2009. Expansión de *Trithemis kirbyi* Sélys, 1891 (Odonata: Libellulidae) en la provincia de Málaga (sur de la Península Ibérica). *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa*, 44: 569-572.
- Conde, M. Á. 1999. Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada. *Chioglossa*, 1: 121-138.
- Cordero, A. 1996. A preliminary checklist of the Odonata of Galicia. *Adv. Odonatol.*, (Suppl.) 1: 13-25.
- Cordero, A. & Fernández-Martínez, M. A. 2003. *Odonata*. Asociación Entomológica Galega. URL: <http://www.aegaweb.com/inventario/index.htm> (con acceso: 30/3/2011).
- D'Antonio, C. & Vegliante, F. 2002. *Derivatio nominis libellularum europæarum*. URL: <http://www.isoladivivara.it/odo/index.htm> (con acceso: 30/3/2011).
- Dijkstra, K-D. B. & Lewington, R. 2006. *Field guide to the dragonflies of Britain and Europe*. British Wildlife Publishing, Gillingham (Reino Unido).
- Dijkstra, K.-D. B. & Matushkina, N. 2009. Kindred spirits: “*Brachythemis leucosticta*”, Africa’s most familiar dragonfly, consists of two species (Odonata: Libellulidae). *International Journal of Odonatology*, 12: 237-256.
- Fernández-Martínez, M. Á. & Gil, A. 2010. *Proxecto de caracterización da comunidade de odonatos da Xunqueira de Alba*. Informe inédito. Concello de Pontevedra.
- Festi, A. & Siesa, M. E. 2010. *Proposta per una nomenclatura vernacolare per le specie di odonati italiani*. 1º Convegno ODONATA.IT – Gavorrano 8-10 Ottobre 2010. Società italiana per lo studio e la conservazione delle libellule (Odonata.it).
- Fliedner, H. 2006. Die wissenschaftlichen Namen der Libellen in Burmeisters “Handbuch der Entomologie”. *Virgo*, 9: 5-23. Entomologischen Vereins Mecklenburg e.V. Versión inglesa. URL: <http://www.entomologie-mv.de/Virgo%202006/9105%20aBurmeister%20Fliedner%20englisch.pdf> (con acceso: 30/3/2011).
- Grand, D. & Boudot, J. P. 2006. *Les libellules de France, Belgique et Luxembourg*. Biotope, Mèze.
- IUCN. 2010. *IUCN Red List of Threatened Species. Odonata: Europe*. Version 2010.4. URL: <http://www.iucnredlist.org/apps/redlist/search> (con acceso: 30/3/2011).
- Liba-Mucznik, L. 2011. *Léxico: dicionário português online: libelinha*. URL: <http://www.lexico.pt/libelinha> (con acceso: 30/3/2011).
- Lorenzo, S. 2008. *Algúns cabaliños do demo galegos: os gaiteiros e as libeliñas*. URL: <http://www.rios-galegos.com/vidario8.htm> (con acceso: 30/3/2011).
- Martínez, E.; Da Silva, G. & Romay, C. D. 2011. Primeiras citas de *Anax parthenope* (Odonata: Aeshnidae) para Galicia e datos sobre o seu comportamento. *Chioglossa*, 3: en prensa.
- Merino, F. M. 2011. *Animales*. URL: <http://www.redjaen.es/francis/?m=c&o=3440> (con acceso: 30/3/2011).
- Muddeman, J., Lockwood, M. & Farino, T. 2009. *List of the Dragonflies and Damselflies (Odonata) of Spain and Portugal, including the Canary Islands, Madeira and the Azores*. URL: <http://www.iberianwildlife.com/spain/dragonflies-damselflies-spain.htm> (con acceso: 30/3/2011).
- Pena, X. A. 2006. *Gran dicionario século 21 da lingua galega*. Editorial Galaxia/Edicións do Cumio.
- Priberam 2011. *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa: libélula*. URL: <http://www.priberam.pt/DLPO/default.aspx?pal=libélula>

- (con acceso: 31/3/2011).
- Prunier, F. 2007. *Taller de iniciación a la determinación de los Odonatos ibéricos*. IV Jornadas de Cabra, Cabra. URL: http://florent.prunier.free.fr/Taller_PRUNIER%20%282006%29%20Claves%20Identificaci%F3n%20Odonata%20Pen%EDnsula.pdf (con acceso: 30/3/2011).
- Rivas, E. 1978. *Frapas, contribución al diccionario gallego*. CEME, Salamanca.
- Ruchet, C. 2011. *Claude Ruchet - Photographie animalière. Insectes et araignées*. URL: <http://www.ruchet.com/insectes.html> (con acceso: 30/3/2011).
- Santamarina, A. (coord.) 2010a. *Diccionario de Dictionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega: libélula*. Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela. URL: http://sli.uvigo.es/ddd/ddd_pescuda.php?pescuda=lib%E9lula&tipo_busca=castelan (con acceso: 30/3/2011).
- Santamarina, A. (coord.) 2010b. *Diccionario de Dictionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega: caballito*. Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela. URL: http://sli.uvigo.es/ddd/ddd_pescuda.php?pescuda=caballito&tipo_busca=castelan (con acceso: 30/3/2011).
- Torralba-Burrial, A. & Ocharan, F. J. 2007. Composición biogeográfica de la fauna de libélulas (Odonata) de la Península Ibérica, con especial referencia a la aragonesa. *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa*, 41: 179-188.
- Wikipédia 2011. *Libelinha*. URL: <http://pt.wikipedia.org/wiki/Anisoptera> (con acceso: 30/3/2011).
- Cosme D. Romay
G. N. Hábitat
Rúa Camariñas, 8, baixo
15002 A Coruña (Galicia)
cdromay@gmail.com
- Adolfo Cordero-Rivera
Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal
E. U. de Enxeñaría Técnica Forestal da Univ. de Vigo
Campus Universitario, s/n. 36005 Pontevedra (Galicia)
- Anxos Romeo
Asociación Saramaganta
Tellado, 8. 27141 Romeán, Lugo (Galicia)
- Martiño Cabana
Depto. de Bioloxía Animal, Vexetal e Ecoloxía
Facultade de Ciencias. Campus da Zapateira, s/n
15071 A Coruña (Galicia)
Asociación Saramaganta
Tellado, 8. 27141 Romeán, Lugo (Galicia)
- Darío X. Cabana
Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11. 15001 A Coruña (Galicia)
- Miguel Á. Fernández-Martínez
Rúa Nicaragua, 16, 1ºB. 36203 Vigo (Galicia)

Anexo 1. Nomes galegos propostos para os odonatos da Península Ibérica. A distribución en Galicia segue a Cordero (1996), Cordero & Fernández-Martínez (2003), Azpilicueta *et al.* (2007), Cabana *et al.* (2011) e Martínez *et al.* (2011), e complétase con datos inéditos propios. Códigos: CO: provincia da Coruña. LU: provincia de Lugo. OU: provincia de Ourense. PO: provincia de Pontevedra. [Proposed Galician names for the Iberian odonates. Distribution in Galicia is based in Cordero (1996), Cordero & Fernández-Martínez (2003), Azpilicueta *et al.* (2007), Cabana *et al.* (2011) and Martínez *et al.* (2011), and is completed with unpublished own data. Codes: CO: A Coruña province. LU: Lugo province. OU: Ourense province. PO: Pontevedra province.]

Distribución en Galicia <i>Distribution in Galicia</i>	Taxonomía (especies) <i>Taxonomy (species)</i>	Nome galego proposto <i>Proposed Galician name</i>
	Orde Odonata	Odonatos
	Suborde Zygoptera	Cabaliños
	Familia Calopterygidae	Gaiteiros
CO, LU, PO	<i>Calopteryx haemorrhoidalis</i>	Gaiteiro vermello
CO, LU, OU, PO	<i>Calopteryx virgo</i>	Gaiteiro azul
CO, LU, OU, PO	<i>Calopteryx xanthostoma</i>	Gaiteiro bicolor
	Familia Lestidae	Gaiteiriños
CO, LU, PO	<i>Lestes barbarus</i>	Gaiteiriño bérber
CO, LU, OU, PO	<i>Lestes dryas</i>	Gaiteiriño dríade
	<i>Lestes macrostigma</i>	Gaiteiriño violáceo
OU	<i>Lestes sponsa</i>	Gaiteiriño noivo
CO, LU, OU, PO	<i>Lestes virens</i>	Gaiteiriño verdescente
CO, LU, OU, PO	<i>Lestes viridis</i>	Gaiteiriño verde
CO, PO, LU	<i>Sympetma fusca</i>	Gaiteiriño de inverno
	Familia Coenagrionidae	Donceliñas
CO, LU, OU, PO	<i>Ceriagrion tenellum</i>	Donceliña fina
	<i>Coenagrion caerulescens</i>	Donceliña mediterránea
	<i>Coenagrion hastulatum</i>	Donceliña lanceolada
CO, LU, PO	<i>Coenagrion mercuriale</i>	Donceliña de Mercurio
CO, LU, PO, OU	<i>Coenagrion puella</i>	Donceliña pequena
	<i>Coenagrion pulchellum</i>	Donceliña fermosa
CO, LU, PO	<i>Coenagrion scitulum</i>	Donceliña grácil
CO, LU, PO, OU	<i>Enallagma cyathigerum</i>	Donceliña de copa
CO, LU, PO, OU	<i>Erythromma lindenii</i>	Donceliña de Linden
CO, PO	<i>Erythromma viridulum</i>	Donceliña de ollos vermellos
CO, LU, PO	<i>Ischnura elegans</i>	Donceliña elegante
CO, LU, PO, OU	<i>Ischnura graellsii</i>	Donceliña de Graells
CO, PO	<i>Ischnura pumilio</i>	Donceliña anana
CO, LU, OU, PO	<i>Pyrrhosoma nymphula</i>	Donceliña vermella
	Familia Platycnemididae	Patexas
CO, LU, PO, OU	<i>Platycnemis acutipennis</i>	Patexa rubia
CO, LU, OU, PO	<i>Platycnemis latipes</i>	Patexa branca
	<i>Platycnemis pennipes</i>	Patexa azul
	Suborde Anisoptera	Libélulas
	Familia Aeshnidae	Libeliñas e emperadores
CO, LU, OU, PO	<i>Aeshna affinis</i>	Libeliña afín
CO, LU, OU, PO	<i>Aeshna cyanea</i>	Libeliña de cu azul

Anexo 1. (cont.).

	<i>Aeshna isocles</i>	Libeliña isósceles
OU	<i>Aeshna juncea</i>	Libeliña brañega
CO, LU, PO	<i>Aeshna mixta</i>	Libeliña de outono
PO, CO, OU, LU	<i>Anax ephippiger</i>	Emperador peregrino
CO, LU, OU, PO	<i>Anax imperator</i>	Emperador grande
CO, PO	<i>Anax parthenope</i>	Emperador pequeno
CO, LU, OU, PO	<i>Boyeria irene</i>	Libeliña do luscofusco
PO	<i>Brachytron pratense</i>	Libeliña peluda
	Familia Gomphidae	Candís
OU, LU	<i>Gomphus graslinii</i>	Candil de Graslin
CO, LU, OU, PO	<i>Gomphus pulchellus</i>	Candil fermoso
CO, LU, PO	<i>Gomphus simillimus</i>	Candil similar
Presenza en Galicia	<i>Gomphus vulgatissimus</i>	Candil de Linneo
	<i>Lindenia tetraphylla</i>	Candil de catro follas
	<i>Onychogomphus costae</i>	Candil de Costa
OU	<i>Onychogomphus forcipatus</i>	Candil tenazado
CO, LU, OU, PO	<i>Onychogomphus uncatus</i>	Candil curvado
	<i>Paragomphus genei</i>	Candil de Gené
	Familia Cordulegasteridae	Tizóns
	<i>Cordulegaster bidentata</i>	Tizón bidentado
CO, LU, OU, PO	<i>Cordulegaster boltonii</i>	Tizón de Bolton
	Familia Corduliidae	Esmeraldas
LU, OU, PO	<i>Macromia splendens</i>	Esmeralda espléndida
	<i>Cordulia aenea</i>	Esmeralda bronceada
CO, LU, PO	<i>Oxygastra curtisii</i>	Esmeralda de Curtis
	<i>Somatochlora metallica</i>	Esmeralda metálica
	Familia Libellulidae	Libélulas e lavacús
	<i>Brachythemis impartita</i>	Libélula riscada
LU, OU, PO, CO	<i>Crocothemis erythraea</i>	Lavacú escarlata
	<i>Diplacodes lefebvrii</i>	Libélula de Lefebvre
	<i>Leucorrhinia dubia</i>	Libélula de fronte branca
CO, PO, OU, LU	<i>Libellula depressa</i>	Libélula azuleira
	<i>Libellula fulva</i>	Libélula fouveira
LU, OU, PO, CO	<i>Libellula quadrimaculata</i>	Libélula maculada
PO	<i>Orthetrum brunneum</i>	Libélula mediterránea
CO, LU, OU, PO	<i>Orthetrum cancellatum</i>	Libélula de cu negro
	<i>Orthetrum chrysostigma</i>	Libélula esvelta
CO, LU, OU, PO	<i>Orthetrum coerulescens</i>	Libélula celeste
	<i>Orthetrum nitidinerve</i>	Libélula dourada
	<i>Orthetrum trinacria</i>	Libélula siciliana
	<i>Selysiothemis nigra</i>	Libélula negra
LU, OU	<i>Sympetrum flaveolum</i>	Lavacú azafrán
CO, LU, OU, PO	<i>Sympetrum fonscolombii</i>	Lavacú de Fonscolombe

Anexo 1. (cont.).

PO	<i>Sympetrum meridionale</i>	Lavacú meridional
CO	<i>Sympetrum pedemontanum</i>	Lavacú de franxas
CO, LU, OU, PO	<i>Sympetrum sanguineum</i>	Lavacú sanguiño
	<i>Sympetrum sinaiticum</i>	Lavacú do deserto
CO, LU, OU, PO	<i>Sympetrum striolatum</i>	Lavacú estriado
	<i>Sympetrum vulgatum</i>	Lavacú vadío
CO, LU, PO	<i>Trithemis annulata</i>	Lavacú violeta
	<i>Trithemis kirbyi</i>	Lavacú de Kirby
	<i>Zygonyx torridus</i>	Libélula tórrida